

**CONTIDOS**

1.ª AVALIACIÓN Tema 0. Resolución de problemas Tema 1: Números reais Tema 2: Sucesións Tema 3: Álgebra Tema 4: Resolución de triángulos Tema 5: Fórmulas e funcións trigonométricas	2º AVALIACIÓN: Tema 9: Funcións elementais Tema 10: Límites de funcións. Continuidade e ramas infinitas Tema 11: Derivadas Tema 12: Estatística bidimensional	3.ª AVALIACIÓN Tema 6: Números complexos Tema 7: Xeometría analítica Tema 8: Lugares xeométricos. Cónicas
---	---	--

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación será continua, formativa e integradora. Basearase na observación sistemática e pautada do proceso de aprendizaxe a través de preguntas, traballos individuais ou en grupo, probas orais e escritas e entrevistas. Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións seguindo o calendario aprobado polo claustro. En cada avaliación haberá como mínimo, dúas probas escritas ou exames. Na última proba de cada avaliación, poderá preguntarse ao alumnado por toda a materia estudada dende o comezo do curso ata ese momento.

Obtención da cualificación

Probas escritas	80% (30% controis e 50% exame avaliación)
Traballo persoal e/ou proxectos	20%
O alumnado que participe en actividades do Departamento, tales como Campionato de Polinomios, Open Matemático, Canguro Matemático e outras, engadirá ata 1 punto á nota da avaliación correspondente segundo os criterios fixados en cada actividade, tendo en conta que a nota final da avaliación ten que axustarse á lexislación, esto é, debe ser menor o igual que 10.	
Existe unha hora de reforzo optativa de Matemáticas na que se pode matricular o alumnado desta materia. A actividade realizada poderá repercutir con ata 1 punto na cualificación tendo en conta que a nota final da avaliación ten que axustarse á lexislación, esto é, debe ser menor o igual que 10.	

Para aprobar a avaliación é necesario acadar a cualificación de **cinco puntos**.

Ao remate da terceira avaliación daráselle ao alumnado a posibilidade de subir a nota cunha proba global de toda a materia.

A cualificación da *avaliación ordinaria* obterase coa media ponderada das cualificacións das tres avaliacións cos seguintes "pesos" (porcentaxes): **1ªavaliación: 25 %**, **2ªavaliación: 35 %**, **3ªavaliación: 40 %**. Debido a que se trata de avaliación continua, no caso de ter superada a terceira avaliación, si a media ponderada non acada o 5, a cualificación final será de 5.

Se un alumno ou alumna non supera a materia na avaliación ordinaria, na avaliación extraordinaria realizará unha proba global da materia que será calificada de 0 a 10 puntos. Para obter o aprobado é necesario acadar a cualificación de **cinco puntos**.

No caso de detectar que se copia nun exame retirase o exame inmediatamente e daráselle a oportunidade ao alumno/a de demostrar os seus coñecementos nunha proba que realizará diante de, alomenos, dous membros do departamento. Esta mesma medida **podería** aplicarse cando un alumno/a non asista ao exame de avaliación.

PLAN DE LECTURA ANUAL

Hora de Ler: NON

Lecturas Recomendadas:

La medición del mundo Autor: Daniel Kehlmann ISBN: 9788496231979 Editorial: Maeva Páxinas: 224	El curioso incidente del perro a medianoche Autor: Mark Haddon ISBN: 9788478889105 Editorial: Salamandra Páxinas: 272	El hombre que calculaba Autor: Malba Tahan ISBN: 9781607966081 Editorial: BN Páxinas: 384
---	--	--

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, TIC, PROGRAMAS...

Canguro Matemático, Campionato de Polinomios, Olimpiada de Matemáticas (Bacharelato), Open Matemático.